

Ricardo Carballo Calero. 2018. *El grupo Nós. Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas y Antonio Losada Diéguez*. Madrid: Antonio Machado Libros. Col. La balsa de la Medusa, 222. 144 pp. Traducción, introducción e notas de Pilar García Negro.

O grupo *Nós* marcou un fito senlleiro na historia da cultura galega entre 1920 e 1936. Foi neste primeiro terzo do século XX cando se produce a renovación dunha literatura e cultura galegas da man de cinco figuras de relevante prestixio como é o caso de: Vicente Risco (Ourense 1884-1963), Alfonso Rodríguez Castelao (Rianxo 1886-Buenos Aires 1950), Ramón Otero Pedrayo (Ourense 1888-1976), Florentino López Cuevillas (Ourense 1886-1958) e Antonio Losada Diéguez (Ourense 1884-Pontevedra 1929), un grupo de intelectuais comprometidos coa cultura galega que se esforzou en dotar a lingua galega dun rexistro formal e científico de excelencia para que se recoñecese como idioma de cultura, ancoradas no tempo por motivos socio políticos.

Esta emerxencia foi recollida con excelencia na eloxiada primeira *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*, de Ricardo Carballo Calero (Ferrol 1910-Santiago de Compostela 1990), unha das figuras indiscutíbeis das letras galegas polo seu facer como docente, estudoso da literatura e creador.

A *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)* foi publicada por vez primeira no ano 1963 da man da editorial Galaxia. A obra contou con dúas edicións máis –datadas de 1975 e 1981, respectivamente–, o que fala da súa boa acollida e recoñecemento pois viña a cubrir un oco da historiografía

literaria que existía en Galicia e que provocaba o descoñecemento dunha produción literaria extensa, na Época Medieval, e intensa nas épocas que abarca a historiografía de Carballo Calero. Nesta Historia acóllese o capítulo referido ao grupo citado que agora se publica da man da editorial Antonio Machado Libros co título *El grupo Nós. Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas y Antonio Losada Diéguez*, traducido ao castelán pola alumna e discípula de Carballo Calero, Pilar García Negro, unha estudosa recoñecida da Literatura galega, tamén docente. Esta monografía contou coa axuda á edición do Ministerio de Cultura e Deporte.

*El grupo Nós. Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas y Antonio Losada Diéguez* é unha monografía indispensable na que se reflexiona sobre un grupo de intelectuais actores dunha época. A cuberta está significativamente ilustrada cun dos debuxos máis coñecidos e recoñecidos de Castelao no que un grupo de emigrantes galegos están á espera de embarcar para buscar dun futuro mellor. É este un paratexto que reflicte á perfección a Galicia empobrecida do primeiro terzo do século XX castigada polo fenómeno emigratorio.

20

Dende o punto de vista textual ábrese cunha “Introducción” da tradutora titulada “El grupo Nós en la historia de Galicia” onde ofrece unha breve aproximación ao grupo Nós e denomina este período como un segundo renacemento. Ao seu ver, son tres as figuras fundamentais deste momento: Vicente Risco, Alfonso Rodríguez Castelao e Ramón Otero Pedrayo. Polo tanto, nestas primeiras páxinas da monografía, a profesora da Universidade da Coruña trata, de maneira xeral, a creación desta agrupación, os integrantes que a conformaban, o contexto no que se enmarca e os propósitos que pretendían acadar. Máis adiante, explícase o contido do libro:

El presente libro traza secuencias fundamentales de la vida, trayectoria y obra de estas tres personalidades de la cultura gallega. La panorámica se completa con la atención debida a otros dos nombres significativos de este grupo: Florentino López Alonso-Cuevillas y Antón Lousada Diéguez [...] (pp. 15-16).

A seguir, García Negro, demostrando o seu saber, ofrece unha breve explicación da xenealoxía editorial da obra de Ricardo Carballo Calero e salienta a importancia da *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)* na época:

Se erige, pues, como obra realmente inaugural, auroral, poseedora por vez primeira de una metodología moderna y actualizada [...]. Por primera vez se definen principios epistemológicos básicos para la conceptualización y delimitación de la literatura gallega: la escrita en lengua gallega (pp. 19-20).

Logo desta encomiábel descrición da obra, a profesora García Negro traza moi brevemente o perfil biográfico do autor ferrolán e fai fincapé na relevancia que tivo nas letras galegas: “Carballo Calero es el principal polígrafo de las letras gallegas de la segunda mitad del siglo XX” (p. 21). Esta extraordinaria presentación remata cunha “Nota sobre la traducción” e un “Colofón”, na que se explican brevemente os criterios de edición e se homenaxea ao mestre Carballo Calero, respectivamente, lembrando os versos finais do poema “Los robles” pertencente á obra *En las orillas del Sar* (1884) de Rosalía de Castro.

A obra está organizada nos dezanove apartados que seguen: “La revista *Nós*”, “La personalidad de Vicente Risco”, “Su obra narrativa”, “Su obra ensayística”, “Vida de Castelao”, “Su personalidad literaria”, “Castelao narrador”, “Castelao dramaturgo”, “Castelao ensayista”, “Perfil biográfico de Otero Pedrayo”, “La obra literaria. Novelas”, “Narrativa breve”, “Valor de la narrativa de Otero Pedrayo”, “Ensayo”, “Teatro”, “Poesía”, “Estilo”, “Florentino Cuevillas” e “Antonio Losada Diéguez”.

No que ao primeiro apartado se refire, “La revista *Nós*” recolle aspectos moi reveladores relacionados coa aparición da revista (colaboracións puntuais, número de edicións, deseño, estilo...), cuxa denominación evidencia a autoafirmación de Galicia. Tendo en conta o título da revista –que se remonta a Castelao como director artístico da mesma–, o investigador ferrolán Carballo Calero detense moi especialmente na figura de Castelao, ofrecendo unhas breves pinceladas biográficas do autor e enumera moi acertadamente os persoeiros que, segundo el, conforman a nómina de integrantes do grupo, da que exclúe a Xavier Prado e Ramón Cabanillas. Sen dúbida, esta publicación foi un dos proxectos culturais máis ambiciosos da época que perseguía un claro propósito: rexenerar, europeizar e universalizar a cultura galega a partir das raíces culturais propias. Así mesmo, foi a peza fundacional do nacionalismo galego e o instrumento máis axeitado para a construción das bases identitarias de Galicia, como o propio autor recoñece: “Efectivamente, *Nós* [...] fue el vehículo de superación definitiva del aislamiento aldeano de la Galicia literaria” (p. 30). A través dela déronse a coñecer os integrantes de *Nós* –estudados individualmente nas epígrafes seguintes, comezando por Vicente Risco.

“La personalidad de Vicente Risco”, “Su obra narrativa” e “Su obra ensayística”, dan conta da personalidade complexa de Vicente Risco. Foi unha figura de ampla e rigorosa formación intelectual, que se interesou tanto polas novidades estéticas do seu tempo –especialmente polas vangardas– coma polas culturas alleas. Autor dunha sólida obra narrativa, Risco converteuse nun dos principais teorizadores do nacionalismo galego. A este respecto, o mestre Carballo Calero identifica e realiza o comentario da *Historia de Galicia* de Risco publicada en Buenos Aires en 1962. Ben é sabido que a obra literaria de Risco abrangue diferentes xéneros literarios –narrativa, ensaio e teatro– alén dos seus traballos como investigador, crítico literario e poeta ocasional. A narrativa de Risco é fundamentalmente didáctica e posúe unha gran carga ideolóxica. Neste sentido, o estudoso Carballo Calero deixa claro que se vai limitar exclusivamente a citar e comentar algunhas novelas e contos en galego, a única peza teatral do autor e os seus dous libros titulados *Leria* e *Mitteleuropa*. Ofrécese, pois, unha nómina das obras e realízase un breve comentario de cada unha delas, tal é o caso de *Do caso que lle aconteceu ao Doutor Alveiros* (1919), *Os europeos en Abrantes* (1927), *O porco de pé* (1928) e o *O bufón d’El-Rei* (1928). Este estudo finaliza cunha reflexión sobre o estilo singular do autor, baseado na hipérbole, o sarcasmo e a ironía, como o propio Carballo Calero reconece: “El humor de Risco es francamente caricaturesco, y los personajes que nos presenta no pretenden poseer rasgos humanos” (p. 46), conseguidos moitas veces por medio de enumeracións acumulativas cun claro efecto paródico. En canto a súa produción ensaística –como xa se advertiu anteriormente– o investigador unicamente aborda os textos compilados no libro *Leria* e comenta moi sucintamente a obra *Mitteleuropa*. Do mesmo xeito, dedícanse unhas palabras sobre o estilo tan singular e característico da prosa de Risco a cal “suele ser plana, desprovista de énfasis y solemnidad” (p. 52).

Nos apartados “Vida de Castelao”, “Su personalidad literaria”, “Castelao narrador”, “Castelao dramaturgo” e “Castelao ensayista” evidénciase o perfil poliédrico dunha das figuras máis relevantes da cultura galega, no máis amplo sentido. Baixo a epígrafe “Su personalidad literaria”, o profesor e estudoso Carballo Calero, dende o comezo desta parte, deixa claro que se vai atender unicamente á produción literaria do autor, deixando a un lado a súa faceta “gráfica”. Con todo, faise fincapé nos difusos límites entre as dúas facetas de Castelao, como debuxante e escritor, e cita como exemplo a obra *Cousas da vida* e *Cincoenta homes por dez réis*. En ámbolos dous libros, o autor xoga

co compoñente literario e plástico, de aí que o investigador Carballo Calero defina a Castelao como un “artista popular” e matiza a súa adscrición: “en el sentido de que su temática es por vía de regla la vida del pueblo [...]. En la Galicia de Castelao, casi exclusivamente, los labradores y los marineros” (p. 58). En canto a súa produción narrativa, o estudioso Carballo Calero define ao autor como un “narrador humanista” que vai máis aló do simple feito de contar historias polo mero desfrute do lector. Os temas que definen a narrativa de Castelao son o humanismo e o compromiso cos máis débiles, a crítica da marxinação económica de Galicia, o protagonismo das clases populares e a defensa da lingua. Así, pois, enuméranse e coméntanse as obras máis coñecidas e aplaudidas do escritor rianxeiro, entre as que se destacan *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922), *Cousas* (1926), *Os dous de sempre* (1934) e *Retrincos* (1934). O teatro de Castelao caracterízase pola orixinalidade, o espírito popular, a estilización escenográfica e a síntese de múltiples artes. A súa aportación ao xénero teatral foi moi circunstancial, cunha única peza dramática *Os vellos non deben de namorarse* –estreada en 1941 no exilio arxentino–, da que se ofrece un comentario en detalle acerca da estrutura da obra. Para rematar esta epígrafe, Carballo Calero dedica unhas palabras ao Castelao ensaísta e resalta o seu traballo cume *Sempre en Galiza* (1944) –onde condensa o seu ideario nacionalista–, do que se citan as edicións posteriores da obra e se presenta unha breve recensión da mesma. Ademais, o investigador fai referencia ao estilo tan característico do escritor, sendo unha prosa que “procura a la vez claridad conceptual y armonía rítmica” (p. 85).

Boa parte da monografía, en concreto, os oito apartados seguintes titulados “Perfil biográfico de Otero Pedrayo”, “La obra literaria. Novelas”, “Narrativa breve”, “Valor de la narrativa de Otero Pedrayo”, “Ensayo”, “Teatro”, “Poesía” e “Estilo” anticipan a fecunda produción literaria do autor. Cunha sólida e ampla formación cultural, o coñecemento directo do campesiñado e da fidalguía rural xunto co compromiso co galeguismo son os alicerces en que se basea o seu mundo literario. Malia que nos títulos citados anteriormente se fai referencia a todos os xéneros literarios, o certo é que a narrativa foi o xénero máis cultivado polo autor ourensán. A este respecto, o investigador Carballo Calero aclara que primeiramente vai tratar a narrativa ampla para logo abordar a narrativa breve. Ofrécese, pois, unha ampla nómina de novelas así coma cadanseu comentario, tal é o caso de *Os camiños da vida* (1928), *Arredor de si* (1930), *Devalar* (1935), *O mesón dos ermos* (1936) e *O señorito da Reboraina* (1960), cuxo eixo central é Galicia. O investigador non deixa á mar-

xe a análise de dúas novelas históricas como son *A romeiría de Xelmírez* (1934) e *Fra Vernerio* (1934). En canto a súa narrativa breve, o profesor Carballo Calero distingue entre novela breve, tal é o caso de *Pantelas, home libre* (1925), *Escrito na néboa* (1927), *O purgatorio de don Ramiro* (1926) e *Vidas non paralelas* (1930), e dúas coleccións de contos, como son *Contos do camiño e da rúa* (1932) e *Entre a vendima e a castañeira* (1957). Xunto coa narrativa, o ensaio é o núcleo fundamental da produción literaria de Otero Pedrayo, no que amosa toda a súa erudición e os seus múltiples saberes, tal é o caso de *Ensaio sobre a cultura galega* (1933), *Pelerinaxes* (1929) ou *O libro dos amigos* (1953), entre outros títulos. As súas achegas ao xénero teatral e poético foron anecdóticas, destacándose títulos como *A lagarada* (1929) e *O desengano do prioiro* (1952). Este apartado remata cunha epígrafe onde o estudoso Carballo Calero ofrece uns breves apuntamentos acerca do estilo plástico e estilizado de Otero Pedrayo.

As derradeiras epígrafes “Florentino Cuevillas” e “Antonio Losada Diéguez”, son verdadeiramente curtas (apenas acadan as cinco páxinas) en comparación co resto das epígrafes que conforman o libro. Ámbalas dúas están dedicadas a dous dos integrantes menos estudados de *Nós*. De Cuevillas dásenos unhas concisas notas biográficas, sublíñase a súa achega no eido da investigación –con especial interese pola prehistoria de Galicia– e destácase o seu labor como prosista, tal é o caso de *Prosas galegas* (1962). No tocante a Antonio Losada Diéguez o investigador e mestre Carballo Calero ofrece uns breves apuntamentos biográficos e destaca as súas diversas publicacións na revista *Nós* así como a incorporación dalgúns dos seus escritos inéditos á mesma.

En definitiva, *El grupo Nós. Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas y Antonio Losada Diéguez* convértese nun manual de referencia para o estudo monográfico dunha xeración fundamental na historia da literatura galega contemporánea que marcou a apertura de Galicia ás distintas literaturas europeas e á renovación artística do primeiro terzo do século XX. Unha reflexión que debe seguirse por moita da bibliografía existente hoxe, entre a que destacan as propostas realizadas por Anxo Tarrío en diferentes traballos como *Literatura Gallega* (Taurus, 1988) e *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica* (Xerais, 1994), porque Tarrío denomina Época Nós ao período da renovación da literatura galega que vai dende 1918 (Irmandades da Fala) até 1936, acollendo nese movemento socio-político e cultural ao

Grupo Nós e ao denominado Seminario de Estudos Galegos, un grupo de intelectuais unidos, sobre todo, pola nostridade, pola visibilización da lingua e cultura galega e as súas características.

*Laura Caamaño Pérez*

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades